

RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE XULLO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O 1.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2020/2021

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de formación en lingua galega do primeiro cuadrimestre do curso académico 2020/2021 para a comunidade universitaria, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.

Denominación: cursos de lingua galega

Listaxe de cursos convocados

- Curso de extensión cultural
- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM
- Curso de redacción de documentos administrativos
- Curso de redacción e estilo
- Escribir en internet
- Ferramentas informáticas para a mellora da redacción

Persoas destinatarias: comunidade universitaria

Datas de celebración: durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2020

Lugar de celebración: cursos en liña

Duración dos cursos

- Curso de extensión cultural: 75 horas
- Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM: 20 horas
- Curso de redacción de documentos administrativos: 40 horas
- Curso de redacción e estilo: 40 horas
- Escribir en internet: 30 horas
- Ferramentas informáticas para a mellora da redacción: 20 horas



Coordinación académica

O director da Área de Normalización Lingüística

Número de participantes por grupo

Establécese un número mínimo de 15 persoas preinscritas nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritas. O número máximo de prazas é de 30.

Consignación orzamentaria

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2020 0000 421SNLI 226.06.

Prazo de inscrición

Do 7 ao 25 de setembro de 2020 a través da plataforma virtual <https://bubela.uvigo.es>. Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.

Matrícula

A matrícula será gratuíta.

Avaliación

Nos cursos virtuais requírese realizar o 100 % das actividades, das cales hai que superar o 80 %, ademais de realizar un exame final.

Diploma

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

Créditos

Todos os cursos están recoñecidos con créditos ECTS.¹



Vigo, 24 de xullo de 2020

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

(Asinado dixitalmente por Mónica Valderrama Santomé)

¹Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800125s20N0000004

CSV

GEISER-b156-a82b-09d2-458e-b503-6f2f-3c88-25c4

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

24/07/2020 13:33:42 Horario peninsular

Validez del documento

Copia Electrónica Auténtica

